

## Que son as copias electrónicas auténticas?

A [lei 39/2015](#), do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, e a lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público determinan que o funcionamento habitual e único das administracións públicas españolas é o electrónico. O artigo 16.5 da lei 39/2015 establece que "os documentos presentados de maneira presencial ante as administracións públicas, deberán ser dixitalizados... pola oficina de asistencia en materia de rexistros na que fosen presentados para a súa incorporación ao expediente administrativo electrónico, devolvéndose os orixinais ao interesado".

Unha copia auténtica resulta tras un proceso de conversión ou transformación dun documento dun formato papel a outro dixital. Trátase dun instrumento de fehaciencia imprescindible para a desaparición do papel, a través da dixitalización de documentos.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece (art. 27) que terán a consideración de copia auténtica dun documento público administrativo ou privado as realizadas, calquera que sexa o seu soporte, polos órganos competentes das Administracións Públicas nas que quede garantida a identidade do órgano que realizou a copia e o seu contido.

As copias auténticas **terán a mesma validez e eficacia que os documentos orixinais**. As copias auténticas de documentos privados producen unicamente efectos administrativos.

As copias efectuaranse cumprindo o previsto pola Norma Técnica de Interoperabilidade de Procedementos de copiado auténtico e conversión entre documentos electrónicos, aprobada por Resolución do 19 de xullo de 2011, da Secretaría de Estado para a Función Pública, publicada no BOE núm. 182, do 30 de xullo de 2011, que establece as regras para a xeración de copias electrónicas auténticas, copias en papel auténticas de documentos públicos administrativos electrónicos e para a conversión de formato de documentos electrónicos.